

BLOQUE 6 - Oriente Medio e Próximo

Vidas clandestinas burlando a traxedia

6.1 *Taxi-Teherán*. Irán (2015). Abrirse á sociedade civil: dá vida.

6.2 *Kabuli kid*. Afganistán (2008). Protexer as vítimas do fanatismo: a nenez e a muller.

6.3 *Baixo as bombas*. O Líbano (2007). Louvar a resiliencia extrema.



6.1 *Taxi-Teherán*. Irán (2015). Abrirse á sociedade civil: dá vida

O seu autor, atado de mans polo «réxime», arrestado no seu domicilio e coa prohibición de filmar, convértese nun funambulista do **taxi** que guía polo longo Teherán: o espazo **público fúndese** co traxecto **privado** dos clientes, nesa sociedade rabenada, pero próxima e fresca na súa xente.

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Jafar Panahi

Fotografía: Jafar Panahi

Música: Detlef Halaski (mesturador de regravación)-Alireza Alavian: deseño son


Produción: Jafar Panahi Films Productions

Xénero: documental/drama/*road movie*/drama social/falso documental

Duración: 82´

Elenco: Jafar Panahi, Hana Saeidi, Nasrin Sotudé

Premios: 65.º Festival Internacional de Berlín 2015: Oso de Ouro ao Mellor Filme. Gañador do Premio FIPRESCI 2015: Premio Internacional da Crítica.



6.2 *Kabuli kid*. Afganistán (2008). Protexer as vítimas do fanatismo (muller e nenez)

Khaled é taxista e percorre estradas e corredoiras poeirentas na cidade de **Kabul**. Fan uso deste servizo membros dunha sociedade aínda convalescente, após moitos conflitos bélicos e civís entre as súas diferentes etnias e sucesivas ocupacións estranxeiras. Khaled observa o día a día dunha **poboación sumida na escaseza**, nas **severas restricións ás mulleres**, no seo dunha sociedade que as condena «en vida». Un bo día, unha delas, debaixo dun burka e cun bebé, mándao parar e acordan o prezo dun traxecto.

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Barmak Akram

Fotografía: Laurent Fleutot

Música: Barmak Akram

Produción: coprodución Afganistán-Francia

Xénero: drama

Duración: 97´

Elenco: Hadji Gul, Valéry Schatz, Amélie Glenn, Mohammad Chafi Sahel, Helena Alam, Messi Gul, Saleha Khan Gul, Rohina Gul, Mariam Hakimi

Premios: -



6.3 **Baixo as bombas. O Líbano (2007). Salientar a resiliencia extrema**

Zaina vive en Dubai un divorcio difícil do que protexer o seu fillo. Daquela, envía coa súa irmá, a tía de Karim, ao sur do Líbano. Infelizmente, estoupa unha guerra máis neste estado, historicamente desfeito polos recorrentes conflitos bélicos. Paradoxalmente, un escenario coa protección da que todos fuximos: ataques, explosivos, cascallos, **buracos no corazón dos camiños e de cada vítima**. Dada a inminente gravidade, Zaina parte axiña cara ao Líbano, atravesando Turquía. Mais, por mor do bloqueo, non pode chegar ao porto de Beirut ata unha tregua incerta. Deberá atravesar Siria co único taxista que acepta tal temeridade.

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Philippe Aractingi

Fotografía: Nidal Abdul Khalek

Música: René Aubry, Lazare Boghossian

Produción: Rhamsa Productions

Xénero: drama/bélico/guerra do Líbano/*road movie*

Duración: 98´

Elenco: Nada Abou Farhat, Georges Khabbaz.

Premios. Festival de Sundance 2008 - Selección Oficial nominada ao Premio do Xurado Filme (World Cinema)